



# R converte o bono social de Internet da Xunta nunha axuda indefinida para que ninguén quede atrás no uso das novas tecnoloxías

- *O bono social do goberno autonómico ofrece unha axuda de 20€ ao mes a familias desfavorecidas e colectivos vulnerables para que poidan acceder a un servizo de Internet de calidade durante un ano.*
- *Co programa Internet compromiso, R converte esa axuda pública en indefinida tras os 12 meses de vixencia do bono social: as persoas con menos recursos poderán gozar de 300Mb de fibra e máxima cobertura a prezo reducido indefinidamente.*
- *O obxectivo é non deixar atrás eses colectivos vulnerables, facilitándolles un bo servizo de Internet para traballar, estudar, relacionarse e desenvolverse en sociedade a un nivel acorde coas necesidades actuais.*

**Mércores, 24 de maio de 2023.**- Para que as persoas con menos recursos poidan seguir o ritmo dos tempos actuais, teñan acceso a Internet e non queden atrás no uso das novas tecnoloxías, R decidiu prorrogar indefinidamente o **bono social de Internet ou bono dixital** que concede a Xunta de Galicia.

O bono dixital é unha **axuda pública de 240€ anuais** (20€ ao mes), e quen o recibe deixa de desfrutalo transcorridos os seus 12 meses de vixencia. R, no seu compromiso por minorar a fenda dixital e favorecer os colectivos máis vulnerables, decidiu converter esta axuda en indefinida grazas ao programa [Internet Compromiso](#).

## **Alta velocidade e máxima cobertura en favor da integración social**

Con esta iniciativa social, familias desfavorecidas terán acceso a unha conexión **simétrica dende 300Mb** nos seus fogares e **wifi 6** de altas prestacións por un prezo reducido de 14€ sen límite de tempo.

Para conseguir o bono dixital da Xunta de Galicia a persoa debe acreditar que é beneficiaria da **Renda de Inclusión Social** de Galicia (RISGA) ou do **Ingreso Mínimo Vital** (IMV) na comunidade.

Para contratar **Internet compromiso de R** e ampliar indefinidamente o desconto da axuda é preciso dispor do **bono dixital da Xunta**, da **Renda de Inclusión Social** de Galicia (RISGA) ou do **Ingreso Mínimo Vital** (IMV) en Galicia.

Con **Internet compromiso**, os colectivos e familias que menos teñen poderán gozar de accesos a Internet por fibra ata os seus fogares: **R** instalaralles unha **conexión simétrica de 300Mb** (con opción de 600Mb ou 1 xiga) e un **router wifi 6** de altas prestacións, para que poidan tirarlle todo o partido a unha conexión de Internet de calidade.

### **Contratar o bono social de Internet e acceder á axuda sen fin**

Quen **non sexan clientes/as de R**, poden solicitar o bono dixital da Xunta de Galicia na sede electrónica <https://sede.xunta.gal>, onde haberá que achegar a documentación para ser beneficiario/a da axuda do goberno galego. Unha vez validado o bono daráselle á persoa un código que deberá introducir no formulario da web de **R**.

Aínda que o bono dixital da Xunta só está dispoñible para **novos/as clientes/as de R** (novas altas), **quen xa sexan usuarias/os do operador galego** poden contratar tamén de xeito independente **Internet compromiso de R** e beneficiarse do desconto de 20€ indefinidamente sempre e cando o produto que xa teñan contratado con **R** sexa dun nivel igual ou inferior que o de internet compromiso.

Toda a información sobre os trámites e demais detalles en **R** [mundo-r.com/compromiso](https://mundo-r.com/compromiso), en tendas **R** e no **1449**.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](https://R.gal)